



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Deseño de personaxe
DISCIPLINA	Deseño de personaxe I
TITULACION	Título Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección
CURSO	4º
CREDITOS ECTS	4 ECTS
CARACTER	OBRIGATORIA
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Vanesa Bajo Izquierdo
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Vanesa Bajo Izquierdo</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: Departamento Escenografía S2</p> <p>Contacto: vbajo@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCION	Introducción ao dominio das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/a actor/actriz, para a súa adecuación ou modificación en función dos requirimentos do personaxe.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego x Castelan x Ingles
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeneración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACION	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente as derivadas da evolución da súa profesión.



COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE		
ED1	Concebir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo, e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
ED2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.	
ED3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.	
ED5	Investigar para concebir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1.	Adquirir coñecementos da evolución das formas de vestir nos diferentes períodos históricos.	T2, X1, X5, X6, ED2, ED5
2.	Diferenciar as funcións sociais do vestiario a longo da historia	T2, T14,, X1, X5, X6, ED2, ED5
3.	Coñecer os textiles usados para a confección dos traxes.	X5, X6, ED2
4.	Estimular a capacidade investigadora do alumno na busca de nova información.	T2, T6, T14, X1, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED5
5.	Transformar os coñecementos teóricos en prácticos, para así poder usalos en futuras materias de deseño de personaxe.	T2, T3, X3, X5, X6, ED2, ED3
6.	Asociar as formas da silueta humana cos traxes estudados.	T2, X5, X6,ED5,
7.	Coñecemento dos complementos usados en cada época.	T2, T6, X5, X6, ED5
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O figurin e o traxe escénico.	1 Tipoloxía de figurinos. Historia do figurinos. Grandes deseñadores de vestiario. Xerarquía do equipo de vestiario: equipo artístico e equipo técnico. Relación entre o figurinista e o director. Fases de deseño e de realización. 2 Colaboración do equipo artístico: escenografía, iluminación e vestiario. Consideracións sobre problemas do traxe en función do movemento escénico e o xénero. 3 Mantemento e conservación do vestiario: post produción	6 h.
2. Desglose do texto	2.1 Análise da obra, temas principais. 2.2 Busca, investigación e fontes. 2.3 Relación entre a indumentaria e o espazo escénico.	4 h.
3. Realización de escaletas e visual Book	3.1 Paneis de investigación sobre a obra, estéticas afíns e analogías cos personaxes 3.2. Condicionantes do deseño: A escaleta de actores. 3.3 A dramaturxia dos personaxes, (características físicas, psicolóxicas, visión persoal.. etc..)	6 h.
4. Primeiras formas e primeiras formas do cor	4.1 Fundamentos básicos do deseño: forma, cor, textura e composición 4.2 Definición e rectificación da forma 4.3 Análise e crítica da creación, en individual, e en conxunto. 4.4 Primeiras notas de cor, a gama do cor. 4.5 Sentido e forma nas representacións corais	10h.



5. A realización do figurín	5.1 Breve estudo da anatomía do corpo humano: proporcións e posturas básicas para o desenvolvemento de figurinos 5.2 Técnica a desenvolver (colaxe, tecnicamixta, aguada..tecnica seca, etc...) 5.2 Entrega final ou "finalart"	10 h.
6. Indumentaria na Antigüidade, Exipto Grecia e Roma	6.1 Características xerais do traxe prehistorico: pezas fundamentais. 6.2 Características xerais do traxe exipcio: pezas fundamentais e simboloxía. 6.3 Grecia e Roma: drapeados, indumentaria na traxedia e comedia clasica.	4 h.
7. A Idade Media	7.1 Características xerais: dende Bizancio ata ou gotico. 7.2 Baixa e alta edad media	6 h.
8. Renacemento e teatro Isabelino	8.1 Renacemento italiano 8.2 Renacemento inglés e o teatro isabelino 8.3 Renacemento español	4 h.
9. Barroco e Rococo	9.1 O vestiario do Seculo de Ouro español e o traxe de corte: As Meninas. 9.2 O vestiario dos grandes espectaculos de corte en Francia 9.3 s. XVII 9.4 s. XVIII	4 h.
10. Século XIX e XX	10.1 O estilo imperio 10.2 Pre Restauración 10.3. Restauración 10.4. ó Neo-Rococó, crinolinas, polisonas 10.5. A Belle Epoque, e as primeiras vanguardias do s. XX 10.6 Os anos 30, Hollywood dourado 10.7 Anos 40 e 50: antes e despois da Segunda Guerra Mundial. 10.8 Anos 60: alta costura e contracultura.	6 h.
TOTAL SESIÓNS		60 h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3	3	6
Exposicion maxistral	22	6	28
Exposicion practico-teorica	10	18	18
Práctica individual	10	12	22
Práctica colectiva	4	10	14
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros	3	3	6



Titorías individuais	8	8	16
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliacion. Presentacions / mostras			
Actividades de avaliacion. Revision			
TOTAL	60 h.	60 h.	120 h.
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Presentación do docente e do programa da materia. Rexistro das expectativas do alumno en relación á materia. Formulación de dúbidas por parte do alumno.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia acompañándose de imaxes ou outros medios audiovisuais. Explicación das bases teóricas e técnicas para a realización das actividades e prácticas a realizar na aula ou fora dela.
Traballo práctico	Tratarase de realización de exercicios prácticos relacionados co deseño de indumentaria escénica, así como de exercicios orientados a estimular a creatividade no plano das artes plásticas e visuais. Así mesmo o alumno poderá realizar nestas horas prácticas e experimentacion de técnicas relacionadas coa expresion plástica da súa práctica individual, e dicir co seu tema asignado.
Estudo de casos	A cada alumno asignaráselle unha temática e un texto, dramático ou non, sobre o que facer un traballo en dúas fases: unha relacionada coa Historia do traxe e/ou da moda e outra etapa de creación do personaxe a través do deseño de vestuario. Ambas as dúas partes están vinculadas a un mesmo e unico traballo.
Practica colectiva	Análise de imaxes, debates sobre o aspecto sociolóxico da Historia da Indumentaria. Desenvolvemento do personaxe a través da observación dos compañeiros, da imaxe abstracta ao figurino. Xogos de investigación e experimentación plástica. Experimentación téxtil: técnicas de traballo en equipo para o desenvolvementoou transformación de pezas sinxelas.
Proba escrita	Exame tipo test de los contidos de Hª da Indumentaria
Titorías de grupo	Seguimento e orientacion, para iso, sera necesario un traballo constante na aula e fora dela.
Titorías individuais	Grazas ao asesoramento, a orientación, a resolución de dúbidas e as correccións pertinentes, o alumno ira desenvolvendo o seu traballo cara un resultado final óptimo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Seguimento da diversidade e da especificidade de cada proxecto.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliacion ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------



Entrega do traballo de tema individual	T2, T3, X1, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5	40%
Exposición do traballo na aula, defensa das ideas propias a través da argumentación sobre coñecementos teóricos e sobre o aspecto creativo da súa proposta.	T2, T3, T6, X1, X3, X5, X6	10%
Realización dos exercicios prácticos na aula	ED1, ED2, ED3, ED5	30%
Participación, disciplina á hora de realizar os traballos, actitude na aula, asistencia, puntualidade, e o informe de tutoría.	T3, T14, X5, X6	20%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Entrega dun traballo a elixir entre: un centrado na investigación dun tema da Hª do Traxe no espectáculo e outro en forma de proxecto de Deseño de vestiario, que a súa vez deba incluír unha memoria con datos sobre a época na que está ambientada a súa proposta de deseño.	T2, T3, T6, T14, X1, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5	70%
Exame sobre os contidos de Hª de la Indumentaria tipo test.	T2, T3, X1, X3, X5, ED2	30%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Entrega dun traballo a elixir entre: un centrado na investigación dun tema da Hª do Traxe no espectáculo e outro en forma de proxecto de Deseño de vestiario, que a súa vez deba incluír unha memoria con datos sobre a época na que está ambientada a súa proposta de deseño.	T2, T3, T6, T14, X1, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5	70%
Exame sobre os contidos de Hª de la Indumentaria tipo test.	T2, T3, X1, X3, X5, ED2	30%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		



Referencias básicas

Cosgrave, B. (2005): *Historia de la moda. Desde Egipto hasta nuestros días*, Barcelona, Ed. Gustavo Gili

Echarri, M. (2004): *Cuadernos de técnicas escénicas. Vestuario teatral*, Ciudad Real, Ñaque Editora.

Laver, J. (1997): *Breve historia del traje y de la moda*. Madrid, Ed. Cátedra.

Racinet, A. (1989): *Historia del vestido*, Madrid, Ed. Libsa.

Referencias complementarias

Lehnert, G. (2000): *Historia de la moda del siglo XX*, Colonia, Konemann

Lunie, A. (1994): *El lenguaje de la moda*, Barcelona, Editorial Paidós.

Nadoolman, D. (2003): *Diseñadores de vestuario*, Barcelona, Editorial Océano.

Squicciarino, N. (1998): *El vestido habla*, Madrid, Cátedra

Toussaint-Samat, M. (2001): *Historia técnica y moral del vestido*, Madrid, Alianza Editorial.

Udale, J. (2008): *Diseño textil: tejidos y técnicas*, Barcelona, Gustavo Gili.

10. OBSERVACIONES/RECOMENDACIONES

A asistencia é obrigatoria, pero non implica aprobar, senón que hai que alcanzar uns mínimos avaliábles, só se permite o 10% das faltas, contadas en función das horas, por exemplo, unha materia con 60 horas permite 6 horas de ausencia.

Todas as prácticas son necesarias para superar a materia

Os textos que sexan libres deberánse entregar con anticipación de tres semanas antes da entrega dos traballos

No caso de ir a avaliación extraordinaria poñerse en contacto co docente catro semanas antes da avaliación